

PRESENTACIÓN

Para unha institución como a que teño a honra de presidir, a presentación dun novo número da revista QUINTANA supón sempre unha excelente ocasión para subliñar o papel desenvolvido por esta verdadeira plataforma de difusión do máis excelente do rico e variado patrimonio cultural. Na véspera do décimo cabodano da revista, esta vocación de aunar os estudos de carácter local cos de dimensión transfronteiriza, mantendo un punto de vista poliédrico e cosmopolita, ten sido, e segue a ser recoñecida polos máis prestixiosos centros científicos e universitarios tanto nacionais como internacionais.

*É preciso salientar tamén a meritoria laboura da directora, a catedrática María Luisa Sobrino Manzanares, quen, coa axuda do comité de redacción da revista, ano tras ano, ven definindo temáticas de plena actualidade e interese. Nesta ocasión, e baixo o título *A balsa de pedra, as relacións entre os dous países que forman a península Ibérica —España e Portugal—*, achega un matiz de forte carga emotiva, que se incrementa máis se cabe desde a perspectiva de Galicia polas nosas estreitas ligazóns territoriais e de común proxección atlántica.*

A revista QUINTANA posibilita, ademais, difundir os resultados da actividade investigadora do departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, de especialistas doutros centros docentes e de investigación tanto do ámbito nacional como do internacional, e aínda dos investigadores mozos que se incorporan a esta sempre esixente actividade. En relación con todo isto é importante apuntar que se trata dunha revista que, máis alá de dirixirse aos estreitos círculos dos especialistas, pretende achegarse a un público do máis variado, amante da cultura, da historia e da arte, e con vontade de ampliar os seus coñecementos.

Por todo iso, só quero engadir a vontade de manter esta cooperación tan fructífera para a Deputación Provincial de A Coruña, convencido dos beneficios que ano tras ano vén achegando a publicación desta magnífica revista.

Salvador Fernández Moreda
Presidente da Deputación Provincial de A Coruña